

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 15 de novembro de 2022, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Aprobación Pregos convocatoria hortas urbanas municipais

EXPEDIENTE: 2022/G003/001582

Considerando que con data de 20 de maio de 2014 se publicou no BOP o vixente Regulamento de funcionamento das hortas urbanas municipais do concello de Teo.

Considerando que a finca da horta urbana de Calo, que ten unha superficie de 720 m² e está situada dentro da parcela 22 do proxecto de compensación do SAUR 2, sita na urbanización Mirabel, rúa Cernadelo, lugar de Fixó, se distribúe en 13 parcelas, e que a horta urbana municipal de Cacheiras está situada no lugar de Tras do Eixo, parcela 177 do polígono 503, e ten unha superficie de 1.214 m², e se distribúe en 12 parcelas.

Considerando que as parcelas citadas están acondicionadas para este fin, tal como se pon de manifesto no informe do arquitecto técnico municipal, Luis Javier Castro Martínez, de 26 de outubro de 2022, sobre a idoneidade das parcelas, e que substitúe o proxecto ao que se refire o artigo 83 RBEL.

Resulta necesario proceder a unha nova adxudicación das parcelas anteriormente citadas, e, respectando o establecido no artigo 8 do Regulamento citado, terá que facerse reserva do 20% para casos de emerxencia social e de outro 20% para persoas maiores de 65 anos.

Á vista do informe de Secretaría, do Prego redactado que vai a rexer a adxudicación, e demais documentación que obra no expediente, e en virtude das competencias que me atribúe a normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Prego de condicións para autorizar o uso privativo das 13 parcelas da horta urbana municipal de Campos de Mirabel-Calo e das 12 parcelas da horta urbana municipal de Tras do Eixo-Cacheiras. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir da publicación da presente Resolución na web municipal.

Segundo.- Dar conta ao Pleno da presente Resolución, na primeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A secretaria xeral,

Vº e Praxe
O alcalde,

Virginia Fraga Díaz

Rafael Carlos Sisto Edreira